APRENDIZAXE COOPERATIVA

A aprendizaxe cooperativa é o uso didáctico de equipos reducidos de alumnado, xeralmente de composición heteroxénea en rendemento e capacidade, utilizando unha estructura da actividade tal que asegure ao máximo a **participación equitativa** (para que todos os membros do equipo teñan as mesmas oportunidades de participar) e potencie ao máximo a **interacción simultánea** entre eles, coa finalidade de que todos os membros dun equipo aprendan os contidos propostos, cada un ata o máximo das súas posibilidades e aprendan, ademais, a traballar en equipo.

Os membros dun **equipo cooperativo** teñen a dobre responsabilidade: aprender eles e contribuír a que aprendan os seus compañeiros.

O profesorado utiliza a aprendizaxe cooperativa cunha dobre finalidade: para que o alumnado aprenda os contidos escolares, e para que aprenda tamén a traballar en equipo e a ser solidarios, como un contido escolar mais. É dicir, cooperar para aprender e aprender para cooperar… A aprendizaxe cooperativa non é só un método ou un recurso especialmente útil para aprender mellor os contidos escolares, senon que é, en si mesmo, un contido curricular mais que o alumnado pode aprender e, polo tanto, podemos ensinarlle.

Licenza de formación
Elena López Vara
Begoña Otero Riobó